

A CIG INFORMA: Residencial

No Pleno celebrado o pasado 25 de maio presentáronse 3 propostas de resolución sobre Residencial. Unha foi presentada pola CIG, outra conxuntamente por CCOO-UXT e unha terceira presentouna STC-UTS.

Nese pleno acordouse deixar para a permanente de hoxe 1 de xuño intentar sacar unha proposta unitaria como Comité.

Para a CIG non hai dúbida de que en Residencial estamos a sufrir un empeoramento das nosas condicións de traballo e un aumento da presión no día a día que está a repercutir negativamente na nosa saúde e por outra parte tamén temos claro que ante a empresa seremos máis fortes se imos todos a unha.

Por todo isto mostrámonos satisfeitos de ter acadado unha proposta conxunta que recóllese a solicitude de que na valoración dos comerciais se supriman ou non teñan incidencia negativa, as escoitas, a locución de comprobación, o indicador de FCR, "coaching" individual, a presión para atender un número determinado de chamadas sen ter en conta outros factores, os obxectivos derivados de HERA polo seu mal funcionamento, tamén se pide que os incentivos sexan entendibles, motivadores, alcanzables e non modificables durante o exercicio.

A proposta será presentada o luns á empresa.

A CIG solicitamos a realización inmediata de assembleas de Comité, aceptouse facelas despois de darlle tempo á empresa a que conteste.

Para a CIG este é un primeiro paso. Se non vemos por parte da empresa signos evidentes de cambio habería que pensar en outras medidas máis contundentes.

**COA SAÚDE NON SE XOGA
XUNTOS NA LOITA O CONSEGUIREMOS.**

A Coruña a 1 de xuño de 2007
Sección Sindical CIG A Coruña
